

Mexillón de Galicia

Boletín do CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA. Número 20. Decembro de 2017.

Foto: Bottlenose Dolphin Research Institute BDRI

Mexillóns e golfinhos: unha convivencia en harmonía

03 Etiquetaxe

MAR COMPROMÉTESE
A GARANTIR O
CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA

08 Promoción

A CAMPAÑA DE
COMUNICACIÓN DA
DOP OBTÉN EXCELENTES
RESULTADOS

EDITORIAL

Unha decisión xusta

Non foi nada fácil, pero finalmente conseguíuse. A Consellería do Mar tomará as medidas necesarias para que se cumpra a normativa relativa á etiquetaxe do mexillón. Non é unha decisión máis, por iso debemos outorgarlle a importancia que realmente ten. Marcas de calidade como Mexillón de Galicia atesoran uns valores que as fan únicas, virtudes como no noso caso ligadas á calidade e a orixe do produto que lle confiren unha identidade propia que se converte nun valor engadido ante os consumidores. Esa diferenciación por tanto é o seu principal patrimonio, o seu maior capital, a súa razón de ser.

DENDE A DOP DAMOS A BENVIDA A ESTA NOTICIA

Con todo, conseguir que se respectase esa singularidade non foi nada sinxelo, a pesar dos respaldos xudiciais (sentenzas favorables do Xulgado Mercantil de Pontevedra, ratificada posteriormente pola Audiencia), políticos e institucionais recibidos (Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, ministra de Agricultura, Consumidores do Galicia...). Finalmente, nosa xustificada perseveranza surtiu efecto e no mes de outubro a conselleira Rosa Quintana comunicaba ao Consello Regulador que se estaban elaborando os plans de control que servirán para asegurar o cumprimento da normativa relativa á rotulación dos envases.

Desde a DOP damos a benvida a esta noticia que levábamos tempo

desexando escoitar. Trátase dunha decisión que nos satisfai porque, ante todo, é xusta, por canto protexe ao noso produto fronte a outros procedentes de terceiros países e referenda a calidade inherente a un alimento orixinario de Galicia. Apoia, en suma, dous das bases sobre as que se asenta a DOP. Conseguido este obxectivo, que ninguén espere unha actitude ventaxista pola nosa banda. Mexillón de Galicia seguirá traballando como fixo ata agora, animando a produtores, depuradores e transformadores a aproveitar as vantaxes propias das DOPs en beneficio de todos. Ese é o camiño que nos levou ao que somos e nel perseveraremos.

O baile dos golfinhos

Os beneficios que en termos de sustentabilidade ambiental representa a mitilicultura en Galicia son coñecidos. Agora, da man dun traballo pioneiro no mundo dirixido polo biólogo Bruno Díaz López, sabemos algo máis: como as bateas facilitan aos golfinhos que transitan pola ría de Arousa á captura do seu alimento.

Segundo este estudo, os golfinhos atopan nos arredores das bateas peces en abundancia, sen que estas estruturas flotantes supoñan un obstáculo ou un perigo nesa tarefa de proverse de comida a diferenza do que ocorre con sistemas como os *long-lines* existentes noutras latitudes. Un magnífico exemplo de como sistemas de produción respectuosos co medio no que se desenvolven crean as condicións para a pervivencia dun ecosistema rico, variado e harmónico.

Mexillón de Galicia



SUMARIO

02 Editorial

Unha decisión xusta.

03 DOP

Mar garantirá o cumprimento da normativa na etiquetaxe.

04/05 Mitilicultura

Cultivo de mexillóns en bateas e golfinhos, un exemplo de coexistencia.

07 I+D

A minería non pode pór en risco a riqueza das nosas rías.

08 Promoción

A campaña de comunicación da DOP está obtendo moi bos resultados.

10 Nadal

A DOP felicita o Nadal.

Edición

CONSELLO REGULADOR DA
DENOMINACIÓN DE ORIXE
PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA

Avda. da Mariña, 25, 1º.
36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

facebook.com/mejillondegalicia

Número 20. Decembro de 2017.
Depósito Legal: PO 23-2013

Mar comprometeuse a garantir que se cumpra a normativa na etiquetaxe do mexillón

A Consellería do Mar levará a cabo as actuacións necesarias para facer cumprir a normativa relativa á etiquetaxe do mexillón. Así o comunicou a propia conselleira, Rosa Quintana, nunha carta dirixida ao presidente do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia Francisco Alcalde. Mar especifica que xa deu instrucións ás consellerías competentes (Medio Rural e Economía, Emprego e Industria) para elaborar os plans de control que sirvan para asegurar o cumprimento da normativa, neste caso sobre a rotulación dos envases.

Trátase dunha noticia moi esperada pola DOP, que leva anos solicitando que se cumpra a normativa que rexe a correcta etiquetaxe do mexillón en conserva para evitar fraudes na utilización de mencións cuxo uso corresponde unicamente a produtos certificados pola marca Mexillón de Galicia.

Esta petición está apoiada por sentenzas xudiciais favorables e contou igualmente co apoio do máximo responsable da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, expresado nunha visita realizada a Galicia, así como da ministra de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina, e da Unión de Consumidores de Galicia.

A falta de resposta por parte da



Consellería de Mar levou ao Consello Regulador a plantexarse iniciar accións legais ante a Comisión Europea reclamando os seus dereitos, idea que queda agora suspendida ante a nova actitude expresada na carta de Quintana.

O Consello Regulador coincide coa conselleira na necesidade de alcanzar un equilibrio e un uso positivo da marca Mexillón de Galicia que xogue a favor do produto e de Galicia de forma global, proporcionando unha distinción naqueles que a utilicen, pero sen prexudicar aos que non o fagan. Esta é a característica que, respectando a normativa de protección da DOP, define as accións desenvolvidas polo Consello Regulador a diario, animando a produtores, depuradores e transformadores a aproveitar os beneficios inherentes ás DOPs que, no caso de Mexillón de Galicia, veranse agora consolidados con esta nova situación.

Entra en vigor o novo máximo de pezas por quilo de mexillón DOP



Tras a súa aprobación pola Comisión Europea, o último trámite que quedaba pendente, a modificación do Prego de Condicións da DOP, xa é unha realidade. A principal consecuencia desta decisión é a ampliación no número de pezas por quilo permitidas para ser produto certificado, que pasa a 70, fronte ás 40 que rexían con anterioridade a este cambio. A medida entrou en vigor o 22 de novembro. É unha decisión de gran importancia coa que se pretende dar resposta ás peticións dos operadores para satisfacer as novas demandas do mercado. Afectará tanto ao produto fresco como ao transformado e obedece ao cambio experimentado nas preferencias dos consumidores, que segundo un estudo de mercado, prefiren un mexillón de menor talla. Trátase en suma de ofrecer desde a DOP pezas máis pequenas pero da máxima calidade.

PESAR POLO FALECIMENTO DE MANUEL DIESTE, VICEPRESIDENTE DA DOP



O sector do mexillón recibiu con gran pesar o falecemento de Manuel Dieste, ocorrido o pasado mes de outubro. Dieste caracterizouse ao longo da súa traxectoria profesional por unha firme defensa do mexillón galego de calidade, tarefa que levou a cabo con gran acerto e dedicación desde o Consello Regulador

da DOP, no que desempeñaba o cargo de vicepresidente.

Foi ese convencemento o mesmo que lle levou a seguir traballando polo que cría, mesmo naqueles momentos nos que a súa saúde se debilitaba. O seu exemplo perdurará entre todos os que tivemos a fortuna de coñecelo e o privilexio de traballar con el.



MITILICULTURA *Beneficios na fauna mariña*



Fotos: Bottlenose Dolphin Research Institute BDRI

Delfines mulares saltando no interior dun polígono de bateas no Grove

Cultivo de mexillón en bateas e golfinhos mulares, un exemplo de coexistencia

O notable aumento da acuicultura costeira mariña como consecuencia da maior demanda de produtos derivados do peixe, un crecemento da poboación e problemas de sobrepesca leva á necesidade dun maior coñecemento dos posibles efectos ambientais que esta industria poida provocar.

É dentro das nosas rías que o home soubo sacar proveito, do mesmo xeito que os golfinhos mulares (ou arroaces), da gran produtividade das rías galegas. É por iso que o desenvolvemento sustentable da acuicultura costeira pasa por un bo entendemento co medioambiente e a fauna mariña, respectándoos,

coñecéndoos e realizando accións que tendan a diminuír os posibles impactos negativos que se deriven da devandita actividade. Este é o principal obxectivo dos proxectos de investigación do BDRI (polas súas siglas en inglés Bottle-

O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DA ACUICULTURA COSTEIRA PASA POR UN BO ENTENDEMENTO CO MEDIOAMBIENTE E A FAUNA MARIÑA

nose Dolphin Research Institute), un centro privado de formación e de investigación con sede no Grove e formado por un equipo internacional de científicos dirixidos polo biólogo español Bruno Díaz López. Este equipo acaba de publicar na revista *Marine Biology*, en marzo 2017, resultados moi interesantes sobre a interacción entre a produción de moluscos en bateas e os golfinhos mulares. Este traballo, único no mundo, levouse a cabo na ría de Arousa, a máis importante das rías galegas en cultivo de mexillón e onde se demostra como os arroaces non sofren impacto algún pola presenza das bateas senón que estas permiten aos animais un aforro de tempo e enerxía na captura de peixes. Estes resultados contrastan con todos os estudos realizados previamente sobre a interacción entre golfinhos e a produción de moluscos noutras partes do mundo (Chile, Nova Zelandia e Australia) que



Beneficios na fauna mariña MITILICULTURA



sinalan que a produción de mexillón e ostra, empregando sistemas de cultivo diferentes ás bateas (principalmente long-lines), é un obstáculo para a presenza de golfinhos podendo chegar a causar o abandono da zona por parte dalgunhas poboacións de golfinhos. É grazas ao traballo de investigación do BDRI en Galicia que se puido demostrar que o cultivo de mexillóns en batea, e aínda que poida considerarse invasivo en certo xeito, é moito máis eco-sustentable para especies como os golfinhos mulares.

ALIMENTACIÓN

A alimentación dos golfinhos mulares baséase nunha gran variedade de



especies, preferentemente peixes e cefalópodos, moitas das cales se atopan en gran densidade nos arredores das bateas. A concentración de peixes silvestres ao redor das bateas provoca a atracción de depredadores superiores como os golfinhos mulares que se alimentan deles. Cos peixes que se concentran ao redor das bateas como fonte de alimento cuantiosa e estable, a presenza destes mamíferos aumenta nos lugares onde se sitúan e sen obstáculos físicos que os entorpezcan na captura das súas presas.

Pero quedan outras materias pendentes que sen dúbida deberían ser estudadas, e que o BDRI ten entre as súas liñas de investigación que é o estudo do papel que xogan á súa vez os golfinhos mulares na regulación de especies predadoras do mexillón. Habemos de considerar que algunhas especies de peixes como o sargo, *Diplodus sargus*, e a dourada, *Sparus aurata*, poden destruír as sementes e danar as cunchas dos exemplares adultos polo que é posible que



Coexistencia

Existe un claro caso de coexistencia entre golfinhos e a produción de moluscos mediante bateas en Galicia, e que contradí coa produción destes moluscos mediante o sistema de long-lines noutras partes do mundo

a presenza regular de golfinhos nos polígonos de bateas nas rías galegas puidese eliminar ou minimizar esta problemática. Existe por tanto un claro caso de coexistencia entre golfinhos e a produción de moluscos mediante bateas en Galicia, e que contradí coa produción destes moluscos mediante o sistema de long-lines noutras partes do mundo.

A xestión adecuada da acuicultura e o uso de sistemas de produción máis respectuosos co medio ambiente logra minimizar o grao de impacto e permitir a coexistencia entre unha industria e animais tan emblemáticos como os golfinhos.

*Bruno Díaz López
Bottlenose Dolphin
Research Institute BDRI*

Máis información en: Díaz Lopez, B. e Methion, S. (2017). *The impact of shellfish farming on common bottlenose dolphins? use of habitat. Marine Biology 164: 83.*

O MAR *Patrimonio e desenvolvemento*

IMPULSO Á CARPINTERÍA DE RIBEIRA

RIANXO FOI A SEDE DA “X XORNADA DE CONSTRUCCIÓN NAVAL EN MADEIRA” ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA (AGALCARI) E CELEBRADA O 17 DE NOVEMBRO

Diversas intervencións e mesas redondas, nas que tomaron parte arqueólogos, especialistas en patrimonio marítimo, enxeñeiros navais, técnicos do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia e de Inspección marítima, conformaron unha xornada de traballo coa que Agalcari quixo consolidar a súa vocación como actor estratéxico no sector do mar directamente vinculado á sustentabilidade, pero tamén a outros valores como a tradición, a cultura e o patrimonio. De feito, o pasado 29 de maio, o DOG publicou unha resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoaba o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural (BIC) as técnicas construtivas da carpintería de ribeira. A xornada tamén serviu para tratar de obter compromisos das adminis-

tracións que permitan proxectar cara ao futuro o oficio de carpinteiro de ribeira e que se lle recoñeza a esta actividade a súa condición de patrimonio marítimo flotante. Entre as reivindicacións deste colectivo destacan ademais a de dispoñer dun regulamento sobre a constru-

ción en madeira. “Ese documento xa está desenvolvido”, di Ramón Collazo, presidente de Agalcari, “pero que hai que impulsalo desde a Administración. O único documento deste tipo que existe é dos anos 60 e non inclúe as innovacións que se foron incorporando a esta actividade”. “Ademais”, engade Collazo, “ese regulamento serviría para amparar a marca de calidade á que aspira a carpintería de ribeira galega”. Igualmente, Agalcari quere que se lle recoñeza aos barcos de madeira a pegada de carbono próxima a cero, tanto no que afecta á súa construción, uso e desmantelamento. Tamén participou na xornada a conselleira do Mar, Rosa Quintana, quen apostou pola dinamización e impulso desta actividade.



Ramón Collazo e Rosa Quintana na xornada celebrada en Rianxo

Presentación da Fundación RIA

O 30 de outubro presentouse oficialmente a Fundación RIA (Rede de Innovación Arousa) en Santiago de Compostela, nun acto ao que asistiu o presidente da Xunta de Galicia e que contou tamén coa presenza de responsables políticos, membros da comunidade científica e representantes

de industrias locais. Continuando o proxecto investigador iniciado polo arquitecto británico David Chipperfield en 2016, a fundación ten como finalidade impulsar un desenvolvemento integral da Ría de Arousa. Asentada na localidade de Ribeira, ofrece unha base de estudo independente e unha

investigación obxectiva que elabora recomendacións para acadar un desenvolvemento sostible da rexión, ao mesmo tempo que se protexe o seu medio natural e o seu extraordinario modo de vida. A misión é conciliar as necesidades prácticas e económicas da área coa protección natural e urbana, asegurando a sustentabilidade e mantendo a calidade de vida que ofrece.

Máis información en:
www.fundacionria.org



David Chipperfield



A MINERÍA NON PODE PÓR EN RISCO A RIQUEZA DAS NOSAS RÍAS

A uns 80 km da costa arousán atópase a Mina de Touro. Unha explotación a ceo aberto da que se extraeron entre 1974 e 1986 varios millóns de toneladas de mineral de cobre. En 1986, debido á caída do prezo do cobre, a empresa Riotinto abandona o xacemento sen realizar ningunha acción de recuperación da superficie afectada. Máis de 600 hectáreas (equivalentes a uns 830 campos de fútbol) cubertas por escombres, cortas profundas... expostas á intemperie, o que orixinou unha importante afección dos solos, das augas (superficiais e subterráneas) e dos ecosistemas, tanto no interior da concesión como no seu entorno e área de influencia. Augas e solos hiperácidos e hiperoxidantes, e drenaxes hiperácidas con altas concentracións de SO_4^- , Al, Fe, Mn, etc que contaminaron varios cursos de auga tributarios do río Ulla. A pegada ambiental de Touro é tan extensa que, augas abaixo, no estuario do Ulla, se detectou a presenza de sedimentos contaminados por metais, que en parte teñen orixe nesta mina. Ante esta grave situación de degradación ambiental, dende 2002, financiados con cartos públicos, realizáronse diversos ensaios para

a recuperación ambiental deste espazo. Destacar os promovidos pola Consellería do Mar: o proxecto europeo Gestinmer e o proxecto Jacumar, nos que se comprobou que a cunha de mexillón e os excedentes do laboreo son materiais ideais para a recuperación destes espazos degradados.

AS ADMINISTRACIÓNS DEBEN APLICAR O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN PARA PROTEXER O MEXILLÓN

Lamentablemente pasados 31 anos do abandono da explotación de cobre en Touro, aínda non se completou a recuperación das áreas degradadas, o que segue orixinando un significativo impacto negativo neste entorno.

Pese a esta situación, a finais de agosto sorprendeunos a noticia de que a Sociedade Cobre San Rafael, participada pola multinacional mineira Altalaya Mining, pretende

retomar a actividade extractiva en Touro, cun proxecto a 16 anos que afectará a unhas 700ha, onde se traballará sobre dez grandes ocios mineiros a ceo aberto, dos que se calcula extraer 267 millóns de toneladas de materiais, xerándose un volume importantísimo de materiais non inertes e residuos con distinto grao de perigosidade. A magnitude da explotación refléxase por exemplo nas dimensións dunha das balsas de almacenamento de lodos, que estará pechada por un dique de 3.187 metros de lonxitude, cunha altura de 81 metros. Pero aínda resulta máis preocupante que a multinacional acapara os dereitos de compra das concesións de explotación que rodean a mina de Touro, o que sumaría unha superficie a explotar de 12.270 ha (case 17.185 campos de fútbol).

Ante o risco ambiental que proxectos mineiros como o de Touro ou o de San Finx, preto de ría de Muros-Noia, supoñen para a calidade das augas das rías, é necesario que as administracións apliquen o principio de precaución para protexer as actividades de cultivo de mexillón, pesca artesanal e marisqueo que se desenvolven augas abaixo destas explotacións mineiras, e que son pilar importante da riqueza, tamén económica, da Galicia costeira.

Ángeles Longa
Departamento de I+D+i da DOP

PROMOCIÓN

A campaña de comunicación en medios dixitais está obtendo moi bos resultados

A campaña de comunicación que está a realizar Mexillón de Galicia a través de medios dixitais está obtendo moi bos resultados de audiencia. Significar que só na súa primeira semana (entre o 2 e o 9 de outubro) o número de impresións (as veces que se mostra a mensaxe) chegou a 1.230.000 e os clics (a acción cando o destinatario pincha na mensaxe que se lle mostra porque lle desperta interese) acadaron os 3.900 nos distintos soportes, tanto profesionais como de información xeral a través dos que foron canalizadas as mensaxes.



A CAMPAÑA ADVIRTE DA DIFERENCIA QUE HAI ENTRE MEXILLÓN DE GALICIA E OUTRAS OFERTAS EXISTENTES NO MERCADO



Nese mesmo intervalo de tempo, o alcance obtido por esas mensaxes na nosa páxina de facebook acadou as 159.000 persoas, un rexistro que permitiu achegar información sobre a nosa marca a un volume potencial de xente nunca logrado. Esas audiencias seguiron sendo

moi elevadas durante as restantes semanas de outubro, así como no mes de novembro. Tamén se incrementou de maneira significativa o rexistro de "Me gusta" do facebook, superando os 4.000, dos que máis de 1.000 se obtiveron en apenas mes e medio.

Inicialmente, a fórmula utilizada consistiu en chamar a atención acerca da diferenza que hai entre Mexillón de Galicia e outras ofertas do mercado. Esa tarefa fíxose recorrendo a mini videos nos que o distintivo de Mexillón de Galicia aparece acompañado da frase "O noso con selo". Preténdese así reforzar a imaxe da nosa marca e subliñar a mensaxe de que só os produtos



DOP portan un distintivo que constitúe a garantía da procedencia cento por cento galega do mexillón e dunha calidade superior. Estes soportes audiovisuais e outros como spots complementáronse con accións que tiveron unha grande resposta do público, como o concurso realizado en novembro no que se sorteaba un proxector oceánico. Esta campaña, coa que se quere consolidar a competitividade da DOP;


potenciar a marca Mexillón de Galicia; e comunicar as vantaxes que, en termos de valor engadido, representa pertencer á DOP, seguirá desenvolvéndose ata o mes de febreiro con distintas accións que se irán dando a coñecer de forma paulatina. A dotación económica para levala a cabo provén dunha axuda solicitada ao GALP, aprobada pola Consellería do Mar e financiada con fondos europeos.





PROMOCIÓN

Mexillón de Galicia reforzou en Conxemar a súa sólida imaxe de marca

 A DOP Mexillón de Galicia volveu estar presente na XIX edición da feira Conxemar celebrada en Vigo no mes de outubro. As cifras que se manexan nesta cita empresarial de carácter internacional (608 expositores, 43 países presentes e máis de 30.000 visitantes), convértena nun escenario idóneo para que Mexillón de Galicia reforce a súa sólida imaxe de marca e recoñecido prestixio no ámbito da industria do mar. Nese sentido, Conxemar representa unha oportunidade única para mostrar ante un público profesional os motivos

que fixeron de Mexillón de Galicia unha marca de referencia no mercado. Un selo que garante a orixe galega do mexillón e unha calidade superior, atributos que achegan un valor engadido ao que o consumidor non quere renunciar. Durante as tres xornadas desta feira, o persoal da DOP informou aos visitantes de todo o que fai que Mexillón de Galicia sexa un alimento único (a súa produción totalmente natural, os controis de calidade aos que está sometido, as súas cualidades nutricionais...).



Igualmente fíxose fincapé en como identificarlo sen posibilidade de erro entre as diferentes ofertas do mercado grazas ao seu inconfundible distintivo. Así mesmo, no expositor da DOP os profesionais coñeceron os diferentes formatos comerciais dos mexillóns amparados polo noso selo de calidade. Concorrer a Conxemar tivo tamén como finalidade relevante captar novas

compañías interesadas en acreditarse para comercializar Mexillón de Galicia. De feito, estableceronse contactos con empresas de distribución alimentaria para ofrecerlle a adquisición do noso produto. Todo ese traballo serviu ás empresas certificadas, varias delas presentes en Conxemar, para que continúen o labor comercial de acordo coas súas estratexias.

PRESENCIA NA SEMANA DA GASTRONOMÍA GALEGA EN MADRID

As accións promocionais de Mexillón de Galicia levaron á nosa marca ata Madrid, onde participou do 23 de novembro ao 3 de decembro na Semana da Gastronomía Galega en Madrid, un proxecto promovido polo Clúster Alimentario de Galicia e a Asociación de Comerciantes "Vive Malasaña" do popular barrio madrileño. Xunto a Mexillón de Galicia, a despensa galega exhibida na capital de España estivo representada por produtos cárnicos e embutidos, viños, licores, algas, queixos, lácteos e cafés, todos avalados por un recoñecido prestixio.

A primeira actividade consistiu nunha masterclass na que tres cocifeiros galegos presentaron aos seus homólogos dos restaurantes que participaron nesta iniciativa os produtos a preparar durante a Semana da Gastronomía Galega. A explicación foi acompañada da elaboración dalgunhas receitas. Posteriormente houbo un encontro con blogueiros e prensa especializada no ámbito da gastronomía. A fase culminante desta iniciativa foi a "Ruta de tapas" e a "Ruta de restaurantes" desenvolvidas por distintos establecementos de Malasaña, onde

se ofreceron tapas e menús elaborados cos produtos galegos.



DOP

Campaña de promoción en punto de venta por toda a comunidade

Achegar o Mexillón de Galicia ao consumidor informándolle das súas propiedades nutritivas e familiarizalo coa versatilidade culinaria que ofrecen as súas múltiples formas de preparación e presentación; aumentar as súas vendas; e explicar ao consumidor as garantías da marca DOP Mexillón de Galicia e a forma de identificala, foron os tres principais obxectivos establecidos para unha iniciativa que desenvolveu a DOP en



puntos de venta de toda Galicia entre os meses de setembro e outubro.

Para conseguilos levouse a cabo unha promoción-degustación de Mexillón de Galicia en centros de Alcampo, Carrefour, El Corte Inglés, Froiz, Gadis e Vegalsa-Eroski, completando un total de 50 accións, a través das cales os consumidores recibiron información sobre tres dos aspectos que mellor definen a Mexillón de Galicia: a súa condición de marca, alimento e produto.

Ademais, tiveron a oportunidade de probar o Mexillón de Galicia, xa que cada acción incluía tres receitas.

A campaña contou co respaldo da Consellería do Mar e a financiación de fondos europeos

Mexillón de Galicia felicita o Nadal

**Bo Nadal,
co noso selo**

MEXILLÓN DE GALICIA
Denominación de Orixe Protexida

**O NOSO
con selo**


Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMPE)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Riia de Arcusa

O noso Boletín chega ao número 20

En febreiro de 2013 saía o primeiro número do Boletín da DOP Mexillón de Galicia. Case cinco anos despois, xa son vinte os exemplares desta publicación que naceu coa intención de defender e promocionar o Mexillón de Galicia. Cumprir eses dous obxectivos require un traballo inxente que se desenvolve en varios planos, entre eles os que teñen que ver coa promoción propiamente dita, os relacionados coa defensa dos intereses da nosa marca, que obrigan a unha presenza activa naqueles foros onde se toman decisións que nos afectan, ou os que van dirixidos á mellora do sector a través dos proxectos de I+D nos que tomamos parte. Toda esa tarefa tivo e seguirá a ter o seu reflexo neste Boletín, convertido xa en testemuña gráfica e escrita do que é Mexillón de Galicia.



Bo Nadal a todos os que
convertedes o mexillón en
rei, en mago, e en algo de
tanto valor para todos.
Grazas.

